

|   |
|---|
| <b>Denominación da Entidade/Empresa: GEMMA ROMÁN GONZÁLEZ</b>   |
| <b>Nome artístico: L'ALFOLÍ</b>                                 |
| <b>Título do espectáculo: ILUSTRATA (As cancións das luces)</b> |

### **Sinopse:**

L' Alfolí Dúo, integrado por Gemma Román (soprano lírico-lixreira) e Vitor Blanco (guitarras Stradivarius e Lacote), quere amosar co programa ilustrata, unha pequena escolma da mellor música para soprano e guitarra que se podía escoitar nos teatros e salóns no tempo que vai entre os últimos austrias e os borbóns coincidindo ca época da ilustración.

*O espectáculo, a maiores, leva asociadas unha serie de imaxes que se proxectan para ambientar e facilitar ao público a comprensión dos textos de cada unha das pezas. Tamén inclúese código QR no cartel e solto para colocar á entrada e en lugares visibles (por exemplo tras as butacas) coa finalidade de que o público poida consultar o programa en liña dende os seus dispositivos móbiles.*

**II. Estética ilustrada:** Na segunda metade do XVIII xurdiron as ideas liberais e ilustradas de Voltaire, Rousseau e Montesquieu, que se difunden por Europa nos séculos XVIII e XIX cas Revolucións francesa e americana e cas guerras napoleónicas, aínda que en España, a repercusión das ideas ilustradas foi menor e máis tardía pola pervivencia do antigo rexime, en forma de "despotismo ilustrado," representado polos borbóns Carlos III, Carlos IV e Fernando VII. Houbo cidades como Madrid, Cadiz ou Ferrol, nas que a influencia ilustrada foi maior e máis evidente, xa que podémola atopar no urbanismo, na arquitectura militar e civil, etc. A ilustración abranguíu tódolos ordes, tamén o artístico e por suposto a música.

### **III. Os músicos da Ilustración:**

**Fernando Sor (1778-1839):** Político e intelectual ilustrado, participou activamente nos principais acontecementos da época, como a guerra de independencia, a restauración borbónica ou a constitución de Cadiz (1812); tras traballar na administración de José I Bonaparte, foi exilado a París por afrancesado, ao igual que outros artistas e intelectuais ilustrados ca represión de Fernando VII.

Os ilustrados puxeron moita atención na difusión educación e neste senso, Sor foi un gran pedagogo e os seus estudos para guitarra difundíronse por toda Europa. No programa incluímos varias seguidillas para voz e guitarra ou pianoforte que son unha mestura do estilo do clasicismo vienés, o gusto francés e o folklore español.

**Mauro Giuliani (1781-1829):** Triunfou como guitarrista en Viena, gran capital ilustrada e cuna del clasicismo por excelencia; Na súa faceta pedagóxica, tamén fixo un método para guitarra. Beethoven e Shubert escribiron obras para él, dentro da guitarromanía que se desatou en Viena e París. As súas arias en estilo operístico

con texto de Metastasio (o libretista habitual de Mozart) son unha boa mostra do bell-canto da ópera italiana de moda en Europa.

**IV. Dos austrias aos borbóns:** A meirande parte dos músicos do programa viviron na época borbónica, que coincide esteticamente co clasicismo vienés de Hady, Mozart e Beethoven pero parecéunos interesante incluír autores que viviron a transición entre a estética do barroco propia dos austrias (que perviviu en boa parte do século XVIII) e a do clasicismo, como Santa Cruz ou José Marín, para apreciaren mellor os cambios na estética musical e mesmo nos instrumentos; neste senso empregamos réplicas exactas de instrumentos orixinais, como a guitarra Stradivarius modelo Oxford ou a guitarra clásico-romántica modelo Lacote, que é a mesma que tocaba Fernando Sor no seu exilio en París.

## PROGRAMA

1. No sé yo como es (José Marín)
2. Sepan todos que muero (J. Marín)
3. Xácaras (Antonio S. Cruz)
4. La Verdad de Perogrullo (J. Marín)
5. Canarias (A. Santa Cruz)
6. Cesa de atormentarme (Fernando Sor)
7. Si dices que mis ojos (F. Sor)
8. Mis descuidados ojos (F. Sor)
9. Opus 31 (F. Sor)
10. Muchacha y la vergüenza (F. Sor)
11. Si a otro cuando me quieres (F. Sor)
12. Opus 28 (F. Sor)
13. Quando sarà quel di (Mauro Giuliani)
14. Gia presso al término (M. Giuliani)
15. Ah non dir che non t` adoro (M. Giuliani)
16. Confuso smarrito (M. Giuliani)
17. El dimore amor non ama (M. Giuliani)